

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

R. Lorenzo (2008): “Toponimia menor do Lugar de Eirapedriña (Bugallido, Ames)”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 139-154.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

TOPONIMIA MENOR DO LUGAR DE EIRAPEDRIÑA (BUGALLIDO, AMES)

Ramón Lorenzo

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

1. Cando pensei nun tema para participar na homenaxe a Antón Santamarina, tendo en conta que el se dedica, entre outras cousas, ó estudo da toponimia, volvinlle dar voltas a unha idea que me andaba pola cabeza desde había tempo e que nunca tivera ocasión de facela realidade. Era a recollida da toponimia menor de *Eirapedriña*, a aldea onde nacín. Para iso estiven rememorando os nomes e púxenme durante varias semanas a remexer en documentos, a facer enquisas e a percorrer aquelas terras familiares. Desde un principio decateime de que non podía concentrarme unicamente na recollida da toponimia desta aldea e que debía incluír tamén a de *Framán*, debido a que as dúas aldeas están moi próximas, hoxe máis ca nunca, e a que hai veciños de *Eirapedriña* que teñen terras en *Framán* e viceversa. Como resultado das miñas pesquisas saíu un artigo que sobrepasaba de maneira esaxerada as páxinas de que dispoño para a presente *Homenaxe* e por este motivo tiven que deixar fóra a etimoloxía dos topónimos e dividi-lo traballo, presentando aquí unicamente a toponimia de *Eirapedriña* e aproveitando a de *Framán* para a *Homenaxe* a Xosé Luís Couceiro.

2. *Eirapedriña* pertence á parroquia de *San Pedro de Bugallido*, concello de *Ames*, e ten como aldeas máis próximas *Framán* e *Ghimaráns*, da mesma parroquia, e despois *A Tilleira* (que é como se pronuncia, antigamente chamada *Boavista*) e *Chave de Carballo*, que son da parroquia de *Bastavales* e do concello de *Brión*. *Eirapedriña* era coñecida como *A Aldea do Ghancho*, porque había moitas persoas que se dedicaban a recoller piñas nos montes para ir vendelas a Santiago, e era a aldea onde eu pasei os

primeiros anos da miña vida, anos nos que metín na memoria os nomes das leiras, das cortiñas¹, dos agros, dos montes e das familias que habitaban na aldea. A esta altura da miña vida non esquezo aqueles anos da nenez nin o nome dos topónimos menores que daquela formaban parte da miña realidade cotiá. ¿Como esquece-la *Leira da Porta*, *O Hortalexo*, *O Aghro de Santos*, *A Canisa*, *A Revolta*, *O Aghro de Lourenso*, *A Ratiña*, *Os Roxais*, *O Monte Serrado*, *A Bola* e tantos outros? ¿Como esquecer algúns nomes que me resultaban especialmente eufónicos como *A Ouseira*, *A Millarada* ou *Ameneiro Longo*, os dous últimos en *Framán*?

3. Daquela para chegarmos a *Eirapedriña* só había camiños, pois a estrada que hoxe vai de *Ghímaráns* a *Chave de Ponte* veu moitos anos despois. Máis tarde veu a concentración parcelaria das leiras e cortiñas e a construción de novos camiños, convertidos despois en estradas secundarias. Todo isto trouxo como consecuencia que se fosen esquecendo os nomes tradicionais das leiras e das cortiñas, ó se converteren en parcelas que non coincidían coa distribución anterior. Alén diso, nos últimos anos enchéronse de casas moitas destas parcelas e mesmo se construíu onde antes era monte. Ó mesmo tempo foron desaparecendo as corredeiras e os camiños seculares e as novas casas coas súas hortas e xardíns eliminaron todo rastro da toponimia primitiva. En *Eirapedriña* aínda non se chegou á barbarie cometida en *Bertamiráns*, a capital do concello, e nos seus montes e terras veciñas, ou no concello de *Brión*, zonas nas que a especulación urbanística está chegando a unha total e inconcibible degradación da natureza, pero se damos unha volta pola aldea e polas terras que lle pertencen, deixando a un lado as casas novas construídas e o terreo que as circunda, o panorama é desolador, vendo as antigas leiras e cortiñas totalmente abandonadas e sen cultivo. *Eirapedriña* era a aldea con máis habitantes da freguesía e, aínda que hoxe aumentou o número de casas polo norte e polo sur que desvirtúan a súa fisionomía primitiva, cando eu era rapaz era bastante estreita de norte a sur e moi alongada de leste a oeste, tanto que mesmo se facía unha separación entre *A Aldea*, polo sueste, que era o núcleo principal e onde estaba a maior parte das casas; *O Rueiro*, cunhas cantas casas, na parte intermedia, e *A Taberna*, no extremo oeste, que era onde eu vivía. *A Taberna* chamábase así porque en tempos anteriores a 1918 houbera unha *taberna* nunha das casas.

4. Para a indicación dos nomes non vou segui-lo criterio máis corrente de estudarlos topónimos alfabeticamente ou clasificados por acepcións semánticas, senón que os vou indicar seguindo, máis ou menos, a súa situación xeográfica. Iso fai que deba

1 Téñase en conta que na zona estudada chámanse *leiras* as herdades dedicadas a labradío e *cortiña* ten o valor exclusivo de 'prado'.

presentar varios itinerarios e que á forza algúns topónimos aparezan en máis dun lugar dentro do texto. En xeral, a situación que presento é a adecuada, se ben para algúns nomes, moi poucos, é posible que só poña unha localización aproximada.

5. Desde o cruce de estradas que hai na aldea de *Ghimaráns*, se collemos cara ó sur, imos dar hoxe a un novo cruce por onde hai pouco fixeron unha estrada-corredor que leva desde *A Condomiña* (a aldea que segue a *Bertamiráns*) ata as proximidades da aldea de *Firmistáns* (en *Bugallido*). Deste segundo cruce sae unha estrada que baixa cara ó sur (cada vez máis en dirección oeste) e pasa pola parte occidental de *Eirapedriña* para rematar en *Chave de Ponte* (en *Bastavales*) e outra que cruza *Eirapedriña* pola parte máis oriental e leva a *Framán*. Estas estradas van sempre en descenso cara ás aldeas e na zona oeste de *Eirapedriña* esta baixada faise bastante pronunciada ata chegar á zona da *Taberna*. *Eirapedriña* tiña grandes agras con terreo de labradío ou cortiñas, pero como característica principal debo indicar que en grande parte está rodeada de montes.

6. Ó collérmo-lo camiño de *Ghimaráns* para *Eirapedriña* o primeiro terreo que atopamos pertencente a esta aldea é *O Monte da Bola* ou *A Bola*², que pertence ó *Monte Aberto de Eirapedriña*, monte que se estende en diversas direccións. Cando eu era rapaz *A Bola* tiña unha parte de baixada pronunciada e outra totalmente cha e tanto na unha coma na outra o camiño ancheaba e tiñamos unha zona con escasa vexetación. Trátase dun espazo hoxe totalmente adulterado polo paso da estrada e pola construción de casas. Pasada esta zona, cara ó sur aparecía completamente cerrado sobre si *O Aghro de Pasiños*, unha toxeira chamada así por pertencer a unha familia que levaba ese nome e que realmente tamén era unha parte do *Monte da Bola*. Rematado este agro, continuaba polo sur e oeste, dentro do *Monte Aberto*, a zona denominada *O Chan do Monte*³, zona onde hoxe se construíron casas, que ten unha parte que algúns chaman *O Piñeiro Manso*, porque nel había, e segue habendo, un piñeiro coa copa redonda. Desde alí empínase o terreo baixando cara ó suroeste e atopámo-la horta e a casa

2 Nun foro de c. 1860 cítase dentro do *Monte Aberto de Eirapedriña* o chamado *Campo de la Bola* (tamén en 1862, pp. 30, 123) e dise que polo norte testaba con monte do “lugar de la *Bola*”, polo leste cun camiño e o muro do agro de *Sanguñido* e polo oeste con terreos do lugar de “*Gimarans*” (*Eirapedriña*, 16). Tamén en documentos posteriores (por exemplo, en 1899, 1922 e 1924) se chama “*Campo de la Bola*”. Nunha partilla de 1924 ponse unha toxeira na *Bola del Medio* e noutra de 1922 na *Baela dol medio* (sic). Ademais, en 1862 fálase dunha leira, dunha cortiña cunha punta de toxal e dunha toxeira no *Agro de la Bola* (pp. 16, 19, 37, 89, 119, 126).

3 Nun foro de c. 1860 sitúase no *Monte Aberto de Eirapedriña* e chámasele “*tensa de la Chan*” (*Eirapedriña*, 15-16, 58, 70, 81, 96, 104, 114, 128, 132, 149, 166, 171, 175, 181, 216, 222, 223, 231), igual que en 1862 (pp. 30, 110) e no rateo de 1918 (*Bendaña*, 215).

de *Fontáns*, que tiña polo oeste un camiño de carro, convertido hoxe na estrada, e ó outro lado del tamén se lle roubara un espazo ó *Monte Aberto* para poñelo a labradío. Despois desta casa segue un camiño ancho e moi empedrado cara ó suroeste e outro cara ó sueste deixando entre os dous unha horta en pendente pechada cun muro que remata coa chamada casa do *Camiñeiro* e xa co camiño, hoxe estrada, que une *A Taberna* coa *Aldea*. Pegado ó muro desta horta do *Camiñeiro*, polo oeste hai na baixada do camiño empedrado outras casas e ó leste do segundo camiño, en paralelo á horta e casa do *Camiñeiro*, baixa outro agro de monte, cerrado cun muro, coñecido co nome de *Aghro d'Angueira*, que tamén vai bater no camiño que leva da *Taberna* para *A Aldea* e que nun foro de c. 1860 e aínda en 1918 se chamaba *O Aghro do Palomar*, por haber nel un pombal. Este *Agro* no séc. XIX era máis amplo e situábase dentro do *Monte Aberto*, pero xa en 1918 aparece cos límites actuais. *O Monte Aberto* continúa baixando polo leste pegado ó muro da horta de *Fontáns* e do *Aghro do Palomar* e chega polo sur ata o citado camiño, separado del por un muro, e máis para o leste chegaba ata *A Eira da Foliada*. Esta *Eira*, situada onda as primeiras casas da *Aldea*, chamábase así porque noutros tempos era onde se xuntaban os mozos e as mozas os domingos para facer foliada e bailaren, mentres algúns tocaban as pandeiretas e cantaban. Ó lado desta *eira* están situadas a horta e a casa de *Freire*, cerradas con muros, e pola banda norte desta casa, despois dun camiño, continuaba cara ó norte outra vez o *Monte Aberto* para ir dar á *Bola* e tamén seguía cara ó leste, pola banda de arriba das casas, ás veces mesmo con algún agro cerrado. Nun foro de c. 1860, ó lado de arriba destas casas, situábase o “*Agro del Agra*”, con campo, leiras e toxeias, que polo sur testaba cun camiño, polo leste cunha congostura que levaba ó monte e polo oeste co “*Agro*” de arriba doutras casas (*Eirapedriña*, 1-2, 47, 52, 53, 90, 172).

7. Se volvemos á *Bola*, polo oeste do camiño, desde a saída de *Ghimarás* ata o final do *Aghro de Pasiños*, está a rica e extensa *Estibada de Ghimarás*, que tiña un muro todo ó longo do camiño, hoxe desaparecido. Polo sur desta *Estibada*, máis abaixo do muro que a cerraba, onde hoxe hai casas, comeza a *Estibada Nova*⁴, en aberto, que polo oeste chega á *Estibada de Ortoño*, polo leste tiña un cómaro e unha gabia e polo sur un muro e en parte un camiño de carro, chamado o *Camiño dos Carreiros*, que separaban *A Estibada* doutro espazo do *Monte Aberto* que ía descendendo ata as casas da *Taberna*. Entre dúas destas casas (a horta e casa de *Claudina* e a da *Lopas*) había un anaco de terreo convertido en cultivo, hoxe desaparecido, que se coñecía co nome do *Aghro da Taberna*. Ademais, por enriba da casa da *Lopas*, nomeada aínda en 1918

4 No *Foro do Cabido* (c. 1860) descoñécese este nome e colócase dentro do *Monte Aberto de Eirapedriña*. Tamén en 1862 se coloca dentro do *Monte Aberto*, pero chámasele xa *Estibada Nova* (pp. 31, 123).

como da *Taberna*, tamén se gañara un espazo ó monte para facer un labradío coñecido como *Aghro da Lopas*, onde hoxe hai casas e a citada estrada, e entre este *Aghro* e a casa do *Caxuxo* o monte chegaba ó camiño, mentres que pola parte de arriba da casa o *Caxuxo* tiña unha horta pequena e un agro de monte cerrado cun muro, tamén hoxe deteriorados pola paso da estrada e novas casas. Por detrás da casa de *Claudina*, polo oeste, está outra vez o *Monte Aberto*, que limita polo norte coa *Estibada Nova*, polo oeste co *Portelo de Ortoño* (algunha toxeira chamábase *Monte Aberto de xunto ó Portelo de Ortoño*), que estaba no muro da *Estibada de Ortoño*, e polo suroeste remataba nunha corredoira. Ó outro lado desta corredoira continúa cara ó sur *O Monte Serrado* (pola zona pegada á corredoira estaba a toxeira da *Carraca*), primitivamente cerrado con muros, que limita polo oeste co muro da *Estibada da Cachela de Ortoño* e polo sur segue co *Monte d'Atrás* e despois deste coa *Raxoeira* e a *Revolta*⁵. Algunhas toxeias cítanse co nome de *Monte Serrado de xunto ó Rincón da Cachela* ou *Rincón da Cachela*, separadas polo oeste por unha gabia, un muro e o camiño de carro da *Cachela* e tamén con muros polo norte, sur e leste. *O Monte Serrado* pola zona máis próxima á citada corredoira tiña un muro que o separaba polo leste da desaparecida *Horta de Xoana*, un espazo sen traballar onde xogaban os rapaces ó fútbol e á estornela, horta seguida polo leste dunha casa e do *Hortalexo*, tamén desaparecido. *O Monte Serrado*, despois da *Horta de Xoana*, desta casa e do *Hortalexo*, confinaba polo sur cunhas leiras e coa casa onde vivían as *Cortiñas*. Pasada esta casa vén *O Aghro*, nalgúns documentos denominado *O Aghro da Estibada*⁶, cerrado cun muro, que polo leste batía nun ancho camiño de carro e nun camiño peonil (agora a estrada para *Chave de Ponte*) que o separa do *Aghro de Santos*⁷ e polo oeste, tralo muro, ten *O Monte d'Atrás*. Este vai dar polo oeste ó *Picoto* e a *Montemaior*, que xa pertencen ó monte de *Chave de Carballo*. Seguindo cara ó sur, despois do *Aghro* e do *Monte d'Atrás*, por un lado, e do *Aghro de Santos*, por outro, aparece a *Raxoeira*, un terreo a monte e a campo, que polo sur continuaba coas

-
- 5 No *Foro do Cabido* (c. 1860) cando se describe a partida nº 43 dise que o *Monte Serrado* tiña un pedazo que incluía unha casa e que testaba polo leste co camiño de carro que ía á “Rebolta”, polo oeste cun muro que o dividía de terreos dos lugares de *Ortoño* e “Chabe” de *Carballo* e polo sur co muro do “Agro de la Rebolta” (*Eirapedriña*, 16-17). Quere isto dicir que non coincide cos límites actuais e non se ten en conta o *Monte d'Atrás* nin outras designacións actuais. Nunha partilla de 1923 dise tres veces por erro *Monte Abierto* e unha vez correctamente *Monte Cerrado*. Cf. nota seguinte.
- 6 No *Foro do Cabido* (c. 1860) fálase dunha toxeira na “Rebolta” que por outro nome chaman *Estibadiña de Santos* (*Eirapedriña*, 182), que se sitúa xunto á casa de *Teresa Vidal* (*id.*, 202), pero noutro lugar dise que unha herdade do *Monte Serrado* testa polo leste unha parte coa *Estibada de Santos* e outra coa cancela da “Rebolta” (*id.*, 119) e tamén se indica que outras herdades testan polo sur coa cancela da “Rebolta” (*id.*, 45, 52, 238). Cf. nota anterior.
- 7 No *Foro do Cabido* (c. 1860) sitúase unha leira no “Agro de Santo al Poso de Eyra Pedriña”, cerrada sobre si, que non ten que ver con este e que debía estar preto do pozo do muíño (*Eirapedriña*, 19).

toxeiras da *Revolta d'Abaixo*, toda esta zona seguida polo oeste con terreos de *Chave de Carballo*. A separación entre *A Raxoeira* e *A Revolta d'Arriba* non está moi clara e hai partillas que colocan algunha toxeira na *Revolta d'Arriba*, outras na *Raxoeira* e mesmo se di que outras están na *Revolta d'Arriba* ou *Raxoeira* ou que hai unha na *Revolta d'Arriba* chamada *Raxoeira* (cf. notas 5 e 6). É dicir, non se distingue moi ben entre *A Raxoeira*, que era a zona de monte, e *A Revolta d'Arriba*, que era máis ben zona de leiras (cf. § 14). Como particularidade pódese lembrar que *A Raxoeira* era a zona que a aldea tiña destinada a enterra-las vacas que morrían, sen que os donos do terreo puidesen impedilo.

8. Por outra banda, indo do *Monte da Bola* cara ó leste, volvemos atopar un grande espazo de monte con diversos nomes. Este espazo empeza en terreo pertencente a *Ghimarás* e continúa sempre cara ó sur con terreos de *Eirapedriña* que están separados polo leste de montes pertencentes a *Firmistás*. O primeiro monte de *Eirapedriña* é *Sanguñado*, que tiña polo norte un muro que o cerraba, polo oeste outro muro que o separaba do *Monte da Bola* e da toxeira chamada *Os Carballiños* (ó leste do *Aghro de Pasiños* e dun camiño) e que testa polo leste cun regueiro que o divide das toxei-ras da *Fonte do Creggho*, tenza coñecida con este nome por haber alí unha fonte con abundante auga todo o ano, hoxe aproveitada por algúns veciños para as súas casas, toxei-ras tamén separadas polo norte do *Monte Aberto* de *Ghimarás* por un muro. Ó leste da *Fonte do Creggho* había un camiño de carro e despois está *O Chan do Morouso*, tamén chamado *O Alto do Morouso* e ás veces en partillas *Morouso* (en 1901 só se di *El Morouzo de Eira Pedriña* e *Los Morouzos de Eirapedriña*)⁸, sempre ó sur dos agros de *Ghimarás*, dos que o separaba un muro e un camiño de carro e, en parte, a estrada vella que vai de *Bertamirás* á *Casalonga*; polo leste testa co monte de *Firmistás*, zona por onde había algunhas toxei-ras xunto a unha cancela, e polo sur remataba cun muro e unha corredoira. Polo suroeste da *Fonte do Creggho* e sur de *Sanguñado* están *Os Aghriños de Calvo*⁹, entre dúas presas, polo oeste a que vai ó *Poso* do muíño de

8 Hai documentos que non fan diferenza entre *O Chan do Morouso*, *As Leiras Longas do Morouso* e *Os Tallos de Somorouso*, citados máis abaixo, pois falan unicamente do *Aghro do Morouso* (así en 1880) ou *Morouso*. En 1862 fálase de toxei-ras na *Estibada de Eirapedriña* debaixo do *Morouso* (pp. 23, 90, 107) e en 1867 dise que *A Estibada de Eirapedriña* ten polo oeste un camiño de carro que o separa do *Aghro do Morouso*.

9 No *Foro do Cabido* (c. 1860) denomínanse normalmente así (*Eirapedriña*, 4, 14, 40, etc.), pero tamén lle chaman *Agríño de los Calvos* (*id.*, 14). En partillas de 1923 aparece como *Agríños dos Calvos* e *Agríño de Calvos*, en 1923, 1924 e 1928 como *Agríño de Calvo* e en 1928 como *Agríño dos Calvos*. O nome correcto está tamén en partillas de 1922, 1923 e 1924. No rateo de 1918 aparece como *Agríño dos Calvos* (*Bendaña*, 74, 140) ou *Agríño dos Calvos de Arriba* e *Agríño dos Calvos de Abajo* (*id.*, 11-12, 29, 38, 64, 80, 85, 89, 99, 109, 115, 129, 133-134, 155, 167, 181, 188, 191, 196, 197, 205, 209, 224). Tamén en 1862 aparece *Agríño de los Calvos* (pp. 25, 91, 107), *Agríño de los Calvos de Arriba* (pp. 26, 91) e *Agríño de los Calvos de Avajo* (pp. 25, 26, 71, 108).

Eirapedriña e polo leste a que vai ó *Poso* do muíño de *Framán*, e con cómaros ó norte e ó sur. Nos *Aghriños de Calvo*, cara ó sur, estaban unhas cortiñas chamadas *As Brañas das Mariñas*¹⁰, ó oeste de onde confluían *As Leiras Longas do Morouso* e *A Estibada do Medio*. Outras toxeiros sitúanse na zona chamada *Sobre os Aghriños de Calvo*¹¹, que teñen polo oeste un cómaro. Tamén nos *Aghriños de Calvo*, ó leste, estaban as toxeiros e cortiñas de xunto á *Embalsa*, onda a presa que ía ó *Poso* do muíño de *Framán*, as cales tiñan polo oeste o rego e polo norte unha gabia. Ó sur da *Fonte do Cregho* e do *Alto do Morouso* e ó leste dos *Aghriños de Calvo* están *As Leiras Longas do Morouso*, denominadas nalgũa partilla *Leiras Longas de Somorouso*¹², que teñen polo leste *Os Tallos de Somorouso* (ou unicamente *Somorouso*), situados ó sur do *Chan do Morouso*, do que os separaba un cómaro antigo, e ó norte da *Estibada de Eirapedriña*. Estes *Tallos*, igual cá parte máis ó sueste do *Chan do Morouso*, limitan polo leste co monte chamado *Veigha do Ghandarón*, que pertence a *Firmistáns*. Ó sur das *Leiras Longas do Morouso* e oeste dos *Tallos de Somorouso* (na zona máis ó norte), separada deles por un cómaro de terra, e da *Estibada de Eirapedriña* (na zona máis ó sur) está a *Estibada do Medio*, cos *Tallos da Estibada do Medio*, tamén en parte separada do *Somorouso* polo norte por unha presa e que polo oeste testa coa presa de auga que vai ó *Poso* do muíño de *Framán* e a divide dos *Aghriños de Calvo* (máis ó norte), co *Alargho* (en 1862 cítase unha toxeira

-
- 10 Teñen que se-las que en 1923 se chaman tres veces *Brañóns de Aghriños dos Calvos* e en 1928 *Brañóns de Aghriño dos Calvos*, aínda que as califican como toxeiros. En 1862 cítase unha herdade a *braña* no *Aghriño de los Calvos de Avajo* (pp. 25, 108) e pola mesma época dise que os herdeiros de *Francisco Rodríguez* teñen unha herdade “a brañón” nos “Aghriños de Calvo” (*Eirapedriña*, 214) e que na *Estibada do Medio* hai unha toxeira na parte de abaixo nas *Brañas* (*id.*, 39) ou na *Braña* (*id.*, 205).
- 11 Nun foro de c. 1860 fábase da *Estibada de Eyra Pedriña de devajo del Morouso ... en los tallos de sobre los Aghriños de Calvo* (*Eirapedriña*, 171), da *Estibada de Eyra Pedriña ... en los tallos de sobre los Aghriños de Calvo* (*id.*, 175, 194) e das [*Leiras Longas de la*] *Estibada [del Morouso] en los tallos de sobre los Aghriños de Calvo* (*id.*, 95). Nunha partilla de 1923 denominanse *Sobre Os Aghriños de Calvo*, noutra de 1948 *Sobre Aghriños de Calvo en Somorouso* e en 1862, despois de falar do *Morouso* que testa na *Fonte do Crego*, cítanse as toxeiros de *Sobre el Aghriño de los Calvos* (pp. 25, 91, 107).
- 12 Nun foro de c. 1860 chámanse *Leiras Longas de la Chan de la Estibada devajo del Morouso* (*Eirapedriña*, 14), *Leiras Longas de la Estibada de devajo del Morouso* (*id.*, 88, 103, 122, 127, 129, 136, 147, 157, 164, 169), *Leiras Longas de la Chan de la Estibada del Morouso* (*id.*, 40), *Leiras Longas de la Chan de devajo del Morouso* (*id.*, 213, 218, 227, 229, 231), *Leiras Longas de la Chan de la Estibada* (*id.*, 57, 175), *Leiras Longas de la Estibada del Morouso* (*id.*, 71, 80, 95), *Leiras Longas de la Chan* (*id.*, 180), *Leiras Longas de la Chan del Morouso* (*id.*, 205), *Chan de devajo del Morouso* (*id.*, 222, 244), *Estibada de Eyra Pedriña de devajo del Morouso* (*id.*, 171), *Estibada de devajo del Morouso* (*id.*, 124, 132) ou *Estibada del Morouso* (*id.*, 118). Noutras ocasións coloca as *Leiras Longas de la Chan de la Estibada* ou *Leiras Longas de la Chan* dentro da *Estibada de Eirapedriña* (*id.*, 175, 180). No rateo de 1918 chámanse *Leiras Longas de la Chan de Somorouso* (*Bendaña*, 13-14, 28, 44, 65, 90-91, 96, 100, 135, 156, 162, 165, 168, 177, 178, 181, 186, 190, 195, 212, 214, 224) ou *Leiras Longas de la Chan del Somorouso* (*id.*, 211, 220-221, 222, 223). En 1862 dise “Estibada de Eyra Pedriña en la Chan” ou “Chan de la Estibada de Eyra Pedriña” en “las Leiras Longas” que testan polo sur na *Estibada do Medio* (pp. 23, 70, 90, 121).

na *Estibada* chamada *Tallo sobre del Alargiño* ou *Sobre el Alargiño*) e con cortiñas e leiras de *Eirapedriña* (máis cara ó sur), pola zona suroeste co *Estibadiño* e polo sur coa *Estibada Vella*, estas dúas zonas xa pertencentes a *Framán*, e ten gabias e cómaros polo sur e leste. Dentro da *Estibada do Medio* hai unha tenza no oeste que se coñece co nome de *Seborella* (ou *Soborella*) e que algunhas persoas denominan *Segburella*, a cal testa polo oeste coa presa do muíño de *Framán* e está un pouco ó norte do *Estibadiño*. Finalmente, a *Estibada de Eirapedriña*¹³ testa polo norte cos *Tallos do Somoroso*, polo oeste coa *Estibada do Medio*, polo leste cun muro e co *Monte de Abaixo* do lugar de *Firmistáns* e polo sur coa *Estibada de Framán*. Dentro da *Estibada de Eirapedriña* hai unha tenza chamada *Tallos dos Espiños* e outra indicada como *Os Tallos da Estibada* que testan coa *Estibada do Medio*.

9. Se nos trasladamos agora á zona da *Taberna*, ó final da baixada da actual estrada principal hai un camiño de carro, hoxe asfaltado, que leva polo sueste cara ó *Rueiro* e á *Aldea* e polo sur (sempre torcendo cara ó oeste) ía para *A Revolta* e outros terreos ou para a aldea da *Tilleira* e que forma parte hoxe da estrada que remata en *Chave de Ponte*. Este camiño, indo cara á *Aldea*, separa unhas casas (con hortas) das outras e pasa por debaixo do antigo *Aghro do Palomar* (cf. § 6). Curiosamente, aínda que desapareceu como designación toponímica *O Aghro do Palomar*, pola beira sur do camiño, fronte á casa do *Camiñeiro* e deste *Aghro*, está hoxe *O Palomar*, un pequeno terreo a monte e a campo situado ó leste dunha horta. Despois bifúrcase o camiño e o que vai cara ó sur separaba a casa de *Angueira* da parte leste do *Palomar* e pasa polas casas do *Rueiro* para chegar ó *Aghro de Lourenso*.

10. A casa onde eu nacín está na *Taberna*, na parte leste de onde enlaza o camiño que vai á *Aldea* coa estrada principal, e está cerrada pola parte norte por un muro que o separa deste camiño. Alí está *A Horta d'Arriba*, seguida da *Eira* e ó sur desta *A Horta d'Adiante*. Pola banda oeste estaban o *quinteiro* e os palletes e hoxe está a entrada principal da casa, que dá aonde antes facía unha curva o camiño. Fronte a esta entrada, polo oeste ó outro lado do camiño estaba o xa citado *O Hortalexo*, unha hortiña pequena apenas cultivada, e desde alí sae o camiño de carro cara ó oeste, convertido en corredeira, que separa o *Monte Serrado* do *Monte Aberto*. Cara ó sur o camiño

13 En 1862 sitúanse algunhas toxeirás da *Estibada de Eirapedriña* nas que baixan ó *Poso de Framán* (pp. 21, 69, 90, 106, 121) e no foro de c. 1860 colócase unha herdade con toxeirás sobre *O Estibadiño* e díse que testa polo oeste co *Poso de Framán* e co muro do *Estibadiño* (*Eirapedriña*, 12, 34, 35, 55, 67, 77, 78, 93, 94, 98, 101, 102, 113, 123, 131, 132, 144, 163, 164, 168, 170, 171, 174, 179, 199, 210-211, 211, 217, 218, 222, 226, 230, 231, 243). Realmente, non se trata da *Estibada de Eirapedriña*, senón da *Estibada do Medio*.

que levaba á *Revolta* tiña polo oeste, despois do *Hortalexo*, as leiras e a casa pegadas ó *Monte Serrado* (§ 7) e polo leste a *Horta d'Atrás* da casa onde nacín, cun muro polo oeste, seguida polo sueste do *Barrancón*. Despois desta *Horta* seguía un muro polo sur, que separaba o camiño polo leste do *Aghro de Santos*, o cal estaba formado por leiras, por zonas de monte e por zonas que tiñan leiras no leste e no medio e toxeiros na punta oeste de contra o muro. Con todo, hai que dicir que nas primeiras décadas do séc. XX entre a horta e o *Aghro de Santos* se situaban as toxeiros da *Canisa*, que eran continuación polo oeste das leiras da *Canisa*, das que falarei no parágrafo seguinte. Rematado O *Aghro de Santos* había un muro polo sur que o separaba da *Raxoeira* (§ 7).

11. Desde o final do *Aghro de Santos* ata O *Rueiro* e de aquí á *Pontella*, o terreo estaba a máis altura, nalgúns casos cun *arró* dun ou varios metros, e por debaixo deste *arró* hai un *rego* que viña do *Poso* do muíño (que estaba na *Aldea*) e que se utilizaba para rega-lo millo no verán, e un camiño peonil que bordeaba unha ampla *agra*, case cadrada, que contiña diversas leiras e unhas cantas cortiñas. Esta *agra* estaba dividida polo medio, de norte a sur, por un camiño peonil que ía recto ata chegar a un rego de auga e que ó mesmo tempo se bifurcaba xa na parte final, sempre facendo curva cara ó leste, para rodear unhas cortiñas e chegar á *Pontella*, onde lavaban a roupa no rego. Esta *agra* tamén era coñecida co nome xenérico de *Aghro de Santos*, pero realmente estaba dividida en varias partes cos seus nomes particulares. As primeiras leiras ían de norte a sur e eran, por un lado a *Leira da Porta*, por debaixo das hortas e do *Barrancón*, e por outro, despois do camiño do medio e unha horta aberta, as leiras da *Cabana*, que no anco de contra o *Rueiro* se chamaba O *Currucho*¹⁴. Despois viñan unhas leiras bastante anchas orientadas en sentido contrario, pois tiñan as cabeceiras no oeste e no leste, é dicir, no *arró* do *Aghro de Santos* e no camiño que levaba do *Rueiro* á *Pontella* e o separaba do *arró* do *Aghro de Lourenso*. Estas eran as leiras da *Canisa*¹⁵ e despois delas tódalas outras leiras da *agra* tiñan a mesma orientación. Alí estaban *San Gbregorio* e as *Leiras do Arró*, que ían desde o *arró* do *Aghro de Santos* e pasaban un pouco o camiño do medio para bater nunhas cortiñas. Estas *Leiras do Arró* non ocupaban todo o terreo de oeste a leste, pois na parte final, onde se bifurcaba o camiño para a *Pontella*, estaban *Os Tallos*, tamén chamados *Leiras d'Abaixo do Arró* ou *Leiras do Tallo*, que remataban polo sur nun rego de auga. Na parte pegada á *Pontella*, polo tanto na

14 No foro de c. 1860 *Francisco Vilas* tiña cinco leiras no *Currucho*, pero polos límites que pon non consigo situalas hoxe (*Eirapedriña*, 18-19).

15 Xa dixen que nas primeiras décadas do séc. XX, como mostran partillas de 1923 e 1928, ó oeste das leiras da *Canisa*, despois do rego e do *arró*, en plano máis elevado, estaban unhas toxeiros que tamén se chamaban da *Canisa* e non do *Aghro de Santos*, como as denominabamos nós cando eu era neno.

zona sueste, estaban unhas cantas cortiñas chamadas *As Cortiñas da Pontella* e por outros nomes *Cortiñas do Aghro de Santos* ou *Cortiñas do Aghro*, que tiñan polo leste un rego, un camiño peonil e un arró e polo oeste e polo norte as leiras agora citadas. Pola banda leste da agra e ó norte destas cortiñas estaba *A Leira do Repolo*. Ademais, entre o *Aghro de Santos* e as *Leiras do Arró* estaban as *Testas das Leiras do Arró*, que era unha zona a monte e a campo.

12. Situándonos agora no *Rueiro*, pola banda sur do muro da casa e horta de *Angueira* (máis ó oeste) e doutro terreo con eiras e hórreos (máis o leste) está a zona de leiras e hortas chamada *Aghro da Cortiña*, que remata polo sur nun arró que o sostén e separa do *Aghro de Lourenso*, polo oeste nun muro e no camiño de carro que viña do *Rueiro* e polo leste nun rego que o separa da *Horta d'Abaixo* e en parte nun muro e nun camiño que o separaba das hortas, eiras e hórreos e máis terreo pegado ás casas, algún con *ouveiras*. Por esta zona había unha viña e hórreos onde chamaban *Eiravella*, que tiña polo norte unha correioira, polo leste casas, polo oeste unha casa e un muro e polo sur unha eira e unha casa, e tamén se situaba a citada *A Horta d'Abaixo* (xa en 1862), con leiras, que tiña polo oeste un rego e *O Aghro da Cortiña d'Arriba*, polo norte un camiño peonil e un rego que a separaba dunha casa co seu terreo, polo sur un arró que a separaba do *Aghro da Lavandeira* e polo leste un camiño de carro. Debaixo do arró do *Aghro da Cortiña* polo sur hai un rego e despois está *O Aghro de Lourenso* (en partillas e foros tamén chamado *Aghro Lourenso* e en 1862 *Agro de los Lourensos*: pp. 11, 116), dedicado fundamentalmente a labradío, que remata polo leste na *Ratiña* e polo sur no mesmo rego que citei para *As Leiras do Tallo*. Este regato levaba e leva bastante auga e regaba bastantes cortiñas. Na *Ratiña* fixeran unha ramificación do rego que vai pegado ó *Monte da Ouseira* para rega-las cortiñas e que segue a ladeira do monte desde o norte sempre en dirección suroeste, pero a maior cantidade de auga ía encaixada entre o arró do *Aghro de Lourenso* e un camiño peonil máis ben estreito e de máis dun metro de altura, feito en época inmemorial, que separa o rego das cortiñas que indicarei a continuación. O regato na metade do *Aghro de Lourenso* fai un ángulo máis cara ó norte ata chegar á *Pontella*, continúa despois con outro ángulo cara ó oeste separando as *Leiras do Tallo* das cortiñas, fai unha curva á altura da *Raxoeira* e segue en dirección suroeste, deixando pola banda de abaixo, ó nordés, primeiro as cortiñas e despois as leiras do *Aghriño*. Estas numerosas cortiñas eran coñecidas con diversos nomes. As máis pegadas ó *Monte da Ouseira* eran as cortiñas da *Ouseira*¹⁶, que baixaban en costa

16 En 1862 chámase *Uceira* (pp. 19, 37, 89, 94), en 1865 *Useira* (*Arca*, 5r, 24v), nunha partilla de 1901 varias veces *Urceira* e noutra de 1947 erroneamente *Urxeira*. Nunha partilla de 1954 fálase das cortiñas da *Useira* e tamén dunha na *Useira del Medio*.

de leste a oeste e tiñan do leste cara ó suroeste un rego e un camiño peonil, polo norte o rego principal citado e tamén unha presa polo oeste. Máis ó sueste algunhas destas cortiñas testaban cunha zona de monte e tamén había algunhas partes da *Ouseira* con leiras. As que seguían limitando con elas e situadas debaixo do *Aghro de Lourenso* son as *Cortiñas do Aghro*, *Cortiñas do Aghro de Lourenso* ou *Cortiñas d'Abaixo do Aghro de Lourenso*, por estaren ó sur e suroeste deste *Aghro*, e algunha delas designada en partillas como *Tallo Lourenso*. Ó sur destas cortiñas e oeste das da *Ouseira* estaban as cortiñas do *Aghro do Muíño*, algunhas cun camiño polo sur, leste ou oeste, cun cómaro e testas polo sur e cun rego polo norte ou polo oeste. O nome de *Aghro do Muíño* non corresponde ó nome primitivo, pois nunca houbo un muíño naquela zona, e o que temos é unha deformación de *Aghro de *Moniño*, como mostran diversas partillas (por exemplo, en 1901 e 1947), que sitúan *A Cortiña de Monín* ou *Munín* dentro do *Aghro da Ouseira*, ou a de 1865, que fala dunha cortiña na *Useira* por outro nome chamada *Cortiña de Monín* (*Arca*, 49v). A continuación, ó sur das *Cortiñas da Pontella*, das *Leiras do Tallo*, separadas delas por un arró, e ó noroeste das toxeias da *Raxoeira*, separadas dela por un cómaro, témo-las cortiñas do *Aghriño*¹⁷, algunhas cruzadas polo medio por un rego ou con regos polo norte e oeste e camiños polo norte, leste e oeste, e unha delas chamada *Cortiña dos Ratos*, con camiños polo leste e oeste e un rego polo leste. Máis para ó suroeste das cortiñas están as leiras do *Aghriño d'Arriba*¹⁸, cun muro e unha presa polo oeste, que continúan polo suroeste coas leiras da *Revolta d'Arriba* e tamén teñen polo sur un camiño de carro.

13. Pegadas ás cortiñas do *Aghriño* polo sur, á *Revolta d'Arriba* polo noroeste e polo sueste ó *Monte da Ouseira* están as cortiñas da *Braña d'Arriba*, da *Braña do Medio* (polo sur con leiras)¹⁹ e da *Braña d'Abaixo* (polo leste e oeste con regos e polo sur cun camiño de carro). Nalgunha partilla, en lugar de *Braña d'Abaixo*, cítanse dentro da *Revolta d'Arriba* unhas cortiñas e unha toxeira (esta ó sur cun muro, ó oeste cun rego e ó leste con outro rego que a separaba das cortiñas) na zona denominada *Braña d'Abaixo (do Aghro) da Revolta d'Arriba*, que tiñan ó norte as *Cortiñas do Aghriño* e testaban con regos e polo leste tamén cunha corredoira. Ó sur da *Braña d'Abaixo*, con forma romboidal en dirección suroeste, está *O Aghriño d'Abaixo*, que tiña polo oeste

17 O rateo de 1918 distingue entre *Cortiñas do Aghriño* e *Aghriño de Arriba* (*Bendaña*, 7; tamén 22, 23, 34, 36, 46, 49, 57, etc.). En 1862 cítanse cortiñas no *Aghriño* (pp. 19, 68, 89, 106) ou “en dichas Cortiñas del *Aghriño*” (p. 19).

18 Nunha partilla de *Framán* de 1901 só se fala dunha leira no *Aghriño de Eirapedriña*, cun rego polo sur e un muro polo norte.

19 Nunha partilla de 1947 cítanse dúas leiras no *Tallo da Braña* (polo leste cun arró e testas e polo oeste cun camiño e arró) e unha cortiña no *Tallón da Braña* (con regos polo leste e oeste).

leiras, algunhas rematadas con algo de monte, e polo leste cortiñas e que limitaba polo leste cun camiño de carro que levaba ó *Agro dos Roxais* e cun regueiro que o separaba dos *Roxais d'Arriba* e polo oeste cun muro que o cerraba e separaba da *Revolta d'Abaixo*. Na zona do *Aghriño d'Abaixo* o rego perdía por un momento as marxes que o limitaban e ancheaba varios metros, formando unha poza, antes de volver outra vez a colle-las marxes e seguir para regar outras terras e perderse no *Sar*. A esa poza, con auga corrente todo o ano, levaban as vacas a beber cando escaseaba a auga nas casas polo verán. Ademais, pasada esta poza e un camiño de carro, á beira do rego e no extremo dunha leira do *Aghriño* nace unha fonte, coñecida co nome de *Fonte das Meigas*. Despois das cortiñas do *Aghriño d'Abaixo*, separadas delas por un rego, aparecen máis ó leste as cortiñas dos *Roxais d'Arriba*, seguidas dos *Roxais do Medio* e dos *Roxais d'Abaixo*, nalgunhas partillas citadas só como *Os Roxais*. As cortiñas dos *Roxais d'Arriba* testaban polo leste cunha zona de monte dos propios *Roxais d'Arriba* e dos *Tallos* (ou *Tallóns*) *de sobre Os Roxais*, así como cun cómaro que as divide do monte da *Devesa d'Atrás* e do *Aghro Redondo*, que pertencen a *Framán*. Cara ó norte dos *Roxais d'Arriba* tamén estaban *Os Tallos do Roxais* ou *Cortiñas do Tallo* (cunha presa polo norte, cun rego polo oeste e que tiñan algunha toxeira polo sur)²⁰ e había algunha toxeira ou terreo a campo nos *Brañóns* dos *Roxais d'Arriba*. Polo norte e polo sur teñen un regueiro de auga que baixa ás *Cortiñas da Telleira* e separaba *Os Roxais* polo sur dos *Cacheiros de Pallas*, que pertencen a *Framán*, e polo oeste estaban un rego e as leiras labradías dos *Roxais* e despois nun espazo romboidal *O Aghriño d'Abaixo*, unha parte da *Revolta d'Abaixo* e máis ó suroeste *A Telleira d'Arriba* (separada dos *Roxais d'Arriba* polo citado rego).

14. Despois da *Raxoeira*, indo en dirección sur, as últimas terras de *Eirapedriña* polo oeste son en primeiro lugar *A Revolta d'Arriba*, que tiña polo leste das leiras un arró e un rego, testaba polo norte en parte co *Aghriño d'Arriba* e en parte coa *Raxoeira*, polo suroeste cun muro e coas leiras e testas das toxeias da *Revolta d'Abaixo*, polo leste coas *Brañas*, polo sur tocaba nos *Roxais d'Arriba* e no *Aghriño d'Abaixo* e polo oeste tiña *A Raxoeira* e un camiño de carro do *Monte d'Atrás*. Á súa vez *A Revolta d'Abaixo*, que tiña polo norte das leiras un camiño de carro e un muro que a separaba da *Revolta d'Arriba*, testaba polo leste cun rego de auga que vai a *Chave* e a separa das cortiñas dos *Roxais* e en parte cun muro que a separa do *Aghriño d'Abaixo*; as leiras testaban

20 No foro de c. 1860 unhas cortiñas de “Rojays de Arriba” chamábanse *Tallo*, separadas polo norte da *Revolta d'Abaixo* por unhas lousas (*Eirapedriña*, 27, 107, 117, 163). Noutra ocasión dise que entre *Os Roxais d'Arriba* e *A Revolta* estaba a cortiña chamada *Talliño*, á beira do regueiro (*id.*, 9). En 1862 chámase *Cortiña do Tallo* (pp. 18, 68) e en 1901 *Cortiña do Tallo* ou *Cortiña dos Tallos*.

polo oeste cun camiño peonil que ía de *Eirapedriña* ó *Monte de Chave de Carballo*, polo sur cun muro de sostén e toxéiras²¹ e polo oeste cun muro que as cerraba e separaba do citado *Monte*. Ademais, na *Revolta d'Arriba* estaban unhas cortiñas coñecidas como *Cortiñas do Poso*, limitadas polo leste e oeste por regos, e na *Revolta d'Abaixo* había unhas leiras coñecidas como *Tallos de Pisalonga* (polo sur cun muro ou arró e algunhas cun rego polo leste que as separaba dunha cortiña dos *Roxais d'Arriba* ou con camiños e muros noutras testas) e outra parte onde estaban as leiras e cortiñas do *Currucho da Revolta d'Abaixo* (xa en 1862), que tiñan polo oeste un muro que as separaba de terreo de *Chave de Carballo*, polo norte un arró ou muro, polo leste un rego e a *Telleira d'Arriba* e polo sueste un arró de sostén que as separaba da *Telleira do Medio*. A *Telleira d'Arriba*, a do *Medio* e a *d'Abaixo*, que ás veces só se citan co nome da *Telleira de Eirapedriña*, eran polo oeste as últimas terras pertencentes a *Eirapedriña*, posto que despois delas estaba o xa citado *Monte de Chave de Carballo*. A zona que ocupaban era máis estreita polo lado norte e ía ancheando polo lado oeste, por onde ocupaba menos espazo, e polo lado leste. Ademais, a *Telleira do Medio* estaba situada ó oeste da *Telleira d'Arriba*, con menos espazo polo norte, onde estaba O *Currucho da Revolta*, e con máis polo sur, e de maneira similar A *Telleira d'Abaixo* estaba ó oeste da *Telleira do Medio*, con menos espazo polo norte e máis polo sur. A *Telleira d'Arriba* daba polo norte en parte nun rego de auga que a separaba dos *Roxais d'Arriba* e as tres tiñan polo sueste este rego que vai dos *Aghros dos Roxais* a *Chave*. Polo leste (de norte a sur), alén do rego, testaban na zona de *Eirapedriña* cos *Roxais* e xa na zona de *Framán* cos *Cacheiros de Pallas*, *Pallas d'Arriba*, *Pallas d'Abaixo* e *Ameneiro Longo* e polo sur coas *Anovadas*, tamén de *Framán*. Na *Telleira d'Arriba* había bastantes leiras, algunhas toxéiras e poucas cortiñas; na *Telleira do Medio* había algunhas toxéiras (polo menos en 1862), moitas cortiñas e leiras (estas en menor cantidade) e unha cortiña testaba polo norte cun muro que a separaba de leiras e toxéiras da *Telleira d'Arriba*; na *Telleira d'Abaixo* había máis leiras e poucas cortiñas e ningunha toxeira. En cambio, había bastantes toxéiras e algunhas leiras na tenza que levaba o nome de *Cacheiros da Telleira d'Arriba* (en 1865 chamados *Cacheiros da Telleira de Eirapedriña*) ou *Cacheiros de contra a Revolta*, que ás veces se cita en documentos como *Telleira d'Arriba de contra A Revolta*.

15. Volvamos ó *Aghro de Lourenso*. Xa indiquei (§ 12) que polo leste está *A Ratiña*, tamén chamada *Leira da Rata* ou *Fonte da Rata* (*Fonte da Rata* en 1862 e *Cortiña das Ratas* en 1865 e 1901), con leiras cara ó norte e cortiñas cara ó sur, onde nace a *Fonte*

21 Dentro da *Revolta d'Abaixo* no foro de c. 1860 sitúase unha parte chamada *Agro do Monte*, a campo ou a monte (*Eirapedriña*, 27, 128, 131, 192, 193, 220, 221, 249).

da Rata, e cun rego polo oeste. Despois dun arró de sostén e un rego segue, sempre en dirección leste, *O Aghro da Lavandeira*, que é o máis próximo ó *Monte da Ouseira*. Este *Aghro da Lavandeira* (en 1862 chámase *Labandeira* na p. 85 e *Labandeiras / Labandeyras* nas pp. 11, 65) tiña cortiñas e leiras e daba polo norte no muro da *Horta d'Abaixo* e en parte nun rego que o separaba do *Aghro da Cortiña d'Arriba*, polo sur nun rego que ía facendo curva e o separaba das toxeias da *Ouseira* e de *Castinín*²², que xa pertence a *Framán*, e polo nordés estaba un camiño de carro, con bastante auga, e ó seu lado un camiño peonil que levaban de *Eirapedriña* a *Framán*. Polo leste está *O Trabanso*, que constituía a parte máis oriental do *Aghro da Lavandeira*, por onde hoxe pasa a estrada de *Framán*, con cortiñas e cun regato polo norte e polo sur e polo leste cun muro e co *Estibadiño*, xa de *Framán*. Pola banda norte da *Lavandeira* estaba *A Cortiña d'Arriba* (xa en 1880), con leiras que tiñan toxeias nas testas e que limitaban polo norte cun muro e polo sur cunha corredoira e coa *Lavandeira* e cunha zona de leiras nos *Cacheiros* da *Cortiña d'Arriba*, atravesada polos ditos camiños. Despois da *Cortiña d'Arriba*, ó leste, está *A Cortiña de Pascual* ou *Pascual*, que en foros do XIX tiña cortiñas, leiras e toxeias e que despois deixou de ter cortiñas, como xa se indica en 1862. Máis ó leste está *A Costaneira*, nun principio con cortiñas e toxeias, que ten polo leste a presa do muíño de *Framán* e con algunhas cortiñas que teñen polo oeste un muro ou un camiño peonil. Polo leste e sur da *Costaneira* e limitando con *Pascual* está *O Ribeiro*, que tiña leiras, toxeias e cortiñas, as cortiñas con regos polo leste, sur e oeste e situadas ó sur das leiras, as cales tiñan polo sur o ribeiro de auga e *O Trabanso*, e as toxeias testaban polo oeste co rego e co *Poso de Framán*. A situación destes terreos non estaba ó mesmo nivel. Polo leste da *Costaneira* e do *Ribeiro*, cruzada a presa, está a *Estibada do Medio* e, se nos colocamos polo norte no muíño de *Eirapedriña*, ó sur del, nun terreo en pendente que ía facendo unha curva en dirección oeste, estaba primeiramente *A Costaneira* e despois, bordeando *A Costaneira* polo leste e xa máis en terreo chan, estaba *O Ribeiro*, que ía ó lado do rego polo oeste. Despois polo sur, máis para o oeste estaba *A Cortiña de Pascual*. Estas cortiñas nun foro de c. 1860 testaban polo leste e sur co rego de auga que baixaba dos *Aghriños de Calvo* ó *Aghro da Lavandeira*, polo oeste co camiño peonil que ía de *Eirapedriña* a *Framán* polo *Aghro da Cortiña d'Arriba*, polo norte cun muro que as separaba das *Hortas da Maía* e máis á parte do leste con outro muro que as separaba dun camiño peonil que ía desde o *Poso* que se atopa arriba do muíño á *Estibada do Medio* e a *Firmistáns* (*Eirapedriña*, 4-5). Algunhas destas cortiñas supoño que son *As Cortiñas da Aldea* ou *A Cortiña da Aldea*, que aparecen en partillas modernas, limitadas polo norte,

22 En 1862 (pp. 11, 65, 85) e no rateo de 1918 (*Bendaña*, 8) chámase *Castenín* e en partillas modernas *Castiníns* ou *Casteníns*.

leste e oeste por presas e que tiñan leiras polo sur, norte e leste. As *Hortas da Maía*²³ debían estar pegadas ás casas máis orientais da aldea e eran hortas, cortiñas, toxeias ou leiras que testaban polo norte coa *eira de mallar* de varios veciños, se ben debemos lembrar que modernamente había pola parte de abaixo da casa *da Matulas* unhas hortas pequenas, unhas guicholas, onda a *Cortiña de Pascual* e o camiño para *Framán*.

16. Pola zona do muíño de *Eirapedriña* está o *Poso do Muíño*, hoxe recuperado, pero ata hai pouco sen auga e cuberto de toxos, de onde saía a auga para o muíño, situado uns metros máis abaixo ó sur do *Poso*. Despois do muíño ía baixando o terreo cara ó sur coa citada *Costaneira* e cara ó nordés co *Aghro do Muíño* e *O Alargho*. *O Aghro do Muíño*, que nunha partilla se coloca na *Estibada de Eirapedriña* (realmente *Estibada do Medio*), ten cortiñas e toxeias e está ó leste do *Poso* e da presa do muíño, pola parte máis ó norte. As toxeias teñen polo oeste o *Poso* e a presa ou un muro e unha gabia, polo sur un muro de sostén e un camiño, polo norte un muro e unha gabia e cortiñas e polo leste as cortiñas do mesmo *Aghro*, as cales tiñan polo leste un arró e un regato e polo sur un arró e un camiño. *O Alargho*, onde está a *Fonte do Alargho*, tiña polo sur a *Costaneira* e polo leste a *Estibada do Medio* e no XIX (c. 1860) ía dar polo norte a un muro que o cerraba e separaba do *Monte Aberto*, estaba dedicado a monte e a labradío ou a hortas e chegaba polo oeste ás casas, entre elas á da *Muñisa*, separado delas e das hortas e eiras por un muro (*Eirapedriña*, 2).

17. Finalmente, debo referirme a unha zona importante de monte que forma un accidente xeográfico máis elevado e aparece rodeada de tódalas leiras e cortiñas de *Eirapedriña* e de *Framán* e que está situada ó leste da aldea e leiras de *Framán* e ó sur de *Eirapedriña*. Este monte recibe varias denominacións e a parte que pertence a *Eirapedriña* é o *Monte da Ouseira* (nalgunhas partillas escriben *Uceira*, *Useira* ou *Ouceira*, cf. nota 16), con moita menor extensión có resto e que ocupa só a zona norte. Os seus límites polo norte, indo de leste a oeste, son primeiramente *O Aghro da Lavandeira*, así como unha presa en plano máis baixo e un camiño peonil²⁴, despois seguen as

23 As designacións que aparecen en c. 1860 son *Ortas de la Mayia* (*Eirapedriña*, 48) ou de *la Mabiya* (*id.*, 105, 112, 130, 137); *Guertas de la Mabiya* (*id.*, 177) ou de *la Maya* (*id.*, 3, 5) ou de *la Mabia* (*id.*, 185, 189, 203). Podían ser hortas (*id.*, 105, 177, 203), cortiñas (*id.*, 106, 137, 185), leiras (*id.*, 106, 112, 130, 137, 177, 186), estar a campo (*id.*, 48, 130, 189) ou toxeias (*id.*, 112, 130, 137, 203) e unhas estaban situadas na parte de arriba da presa e outras na parte de abaixo. En 1862 cítase *Eyra de la Mayia*, con leiras, hortas e campo (pp. 9, 84, 100, 101), *Guerta de la Mayia* a horta ou a campo (pp. 36, 63, 93), *Agro de arriba de la Guerta de la Mayia* con leiras (pp. 9, 64, 84) e *Cortiña de la Mayia* (p. 17) ou de *la Maya* (p. 68).

24 O camiño peonil situado ó sur do *Aghro de Lourenso*, ó outro lado do rego, ía ata a *Ratiña*, bordeaba *O Monte da Ouseira* cara ó sur e pola zona da *Ratiña* subía cara a este *Monte* atravesándoo para chegar a *Framán*.

cortiñas da *Ouseira* e do *Aghro do Muíño* e xa as da *Braña d'Arriba*, da *Braña do Medio* e da *Braña d'Abaixo* polo noroeste. O resto do monte, que é a parte máis extensa, pertence a *Framán* e recibe dous nomes: o que está ó sueste da *Ouseira* e separado desta por un muro leva o nome da *Devesa de Diante* e o que está ó oeste desta e ó sur do *Monte da Ouseira* chámase *A Devesa d'Atrás*, tamén separada da *Ouseira* por un muro.

18. Non sei se neste artigo faltará algún topónimo menor de *Eirapedriña*, pero nas miñas pesquisas non atopei máis. É unha pena que de moitos dos topónimos menores referidos a leiras ou cortiñas non quede rastro e que pouco e pouco vaian desaparecendo todos. A concentración das leiras e o abandono do monte tamén levou a que se descoidasen e mesmo desaparecesen algúns regos centenarios, algunha presa, os cómaros. os muros, moitos camiños de carro ou algunhas corredeiras, todo o que os nosos devanceiros crearon sabiamente e coidaron con toda devoción. É a lei do progreso, que na última parte do séc. XX comezou a arruina-la cultura tradicional e foi eliminando moitas das peculiaridades que caracterizaban o territorio galego²⁵.

Manuscritos citados

Arca 1865 = Memorial y cuerpo de erencia de los vienes que resultaron quedar de la fincablidad de Pedro Arca y su muger Manuela Prado, vecinos que fueron en sus días del lugar de Framán, Parroquia de San Pedro de Bugalligo. 1865.

Bendaña = Prorratoe de los terrenos pertenecientes al foral titulado del señor Marqués de Bendaña sitos en términos del lugar de Eirapedriña, de la parroquia de San Pedro de Bugallido... (manuscrito que leva data do 16 de xuño de 1918).

Eirapedriña = Prorratoe del Foral del Cavildo Titulado del Lugar de Eyra Pedriña, de la Parroquia de Sⁿ Pedro de Bugallido... (manuscrito que contén unha actualización do foro feita arredor do ano 1860).

Partija de los vienes que resultaron de la fincablidad de Francisco Rodríguez y su muger Vicenta Piñeiro, vecinos que fueron en sus días del lugar de Eira Pedriña en la parroquia de San Pedro de Bugallido, echa en el año de 1862.

Tamén utilicei partillas e documentos de 1867, 1880, 1899, 1901, 1922, 1923, 1924, 1928, 1945, 1947, 1948 e 1954.

Todos estes documentos son privados e consérvanos os seus propietarios.

25 Agradézolle a meu irmán *Lucho* o esforzo que fixo para procurarme os foros que manexei e numerosas partillas e tamén teño que agradecer a outros veciños e amigos de *Eirapedriña* e *Framán* as valiosas informacións que me deron, entre eles ás familias de *Rico* e de *Arca* e, especialmente, a *Arturo Camiño*, que me soubo precisa-lo límite de moitas tenzas.